



CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 3/2025, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de douscentos vinte e dous mil euros (222.000,00 €), segundo de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o vinte e oito de marzo de dous mil vinte e cinco, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal.....	1.412.170,66.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.613.264,16.-
3.- Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4.- Transferencias correntes.....	97.160,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	784.412,10.-
7.- Transferencias de capital.....	30.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	3.942.049,82.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 30 de abril de 2025.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1194

MONTERROSO

Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2025 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida, transporte, tratamento e eliminación de residuos sólidos municipais do Concello de Monterroso. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 07 de febreiro de dous mil vinte cinco, as alegacións presentadas foron desestimadas polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de 24 de abril de 2025, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS MUNICIPAIS

Artigo 1. Réxime xurídico.

O réxime xurídico aplicable ás actividades e condutas reguladas nesta ordenanza estará constituído polo previsto na mesma, na lexislación estatal e autonómica aplicable na materia e na normativa europea de

aplicación directa, particularmente nas seguintes disposicións e nas súas correspondentes normas de desenvolvemento ou aplicación:

- Decisión 2014/955/UE, da Comisión, do 18 de decembro de 2014, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE, sobre a lista de residuos, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Decisión de execución (UE) 2019/1885 da Comisión, do 6 de novembro de 2019, pola que se establecen normas relativas ao cálculo, a verificación e a comunicación de datos relativos á vertedura de residuos municipais de acordo con a Directiva 1999/31/CE do Consello.
- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases.
- Real Decreto 265/2021, do 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en entulleiras.
- Real Decreto 293/2018, do 18 de maio, sobre redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.
- Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (segundo as modificacións introducidas mediante o Real Decreto 27/2021, do 19 de xaneiro).
- Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos (segundo as modificacións introducidas mediante o Real Decreto 710/2015, do 24 de xullo, o Real Decreto 943/2010, do 23 de xullo e o Real Decreto 27/2021, do 19 de xaneiro).
- Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Real Decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso (segundo as modificacións introducidas mediante o Real Decreto 731/2020, do 4 de agosto).

Artigo 2.- Fundamento e natureza.

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4.s) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRHL), de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 deste texto legal e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, o Concello establece as taxas polos servizos de recollida, transporte, tratamento e eliminación dos residuos municipais, que se rexerán por medio de Ordenanza.

Con esta regulación dáse cumprimento á esixencia legal de establecer unhas taxas específicas, diferenciadas e non deficitarias.

Artigo 3.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa o servizo de recepción obrigatoria de recollida, transporte, tratamento e eliminación de residuos domésticos, así como do resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos establecido no artigo 2.n) da Lei 7/2022.

2. Este servizo resulta de recepción obrigatoria.

3. Considéranse residuos domésticos:

- a) Os residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.
- b) Os xerados en servizos e industrias, de composición e cantidades similares aos definidos como domésticos, que non se xeraron como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.
- c) Os restos vexetais e sucidade na vía pública xerados en solares sen edificar: parcelas en chan urbano non consolidado ou parcelas en chan urbanizable con Plan Parcial aprobado.

En concreto, inclúense nesta categoría todos aqueles residuos definidos como domésticos no artigo 2 da Lei 7/2022, excepto os procedentes da limpeza da vía pública, de acordo con o previsto no artigo 21.1.e) do TRLRHL.

Constitúe o feito imponible da taxa polo servizo de xestión de residuos comerciais, a prestación dos servizos de recollida, transporte e tratamento de residuos comerciais non perigosos, así como o resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos segundo o artigo 2 da Lei 7/2022.

Para estes efectos, terán a consideración de residuos comerciais os xerados pola actividade propia do comercio, polo miúdo e por xunto, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.

Artigo 4.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, ou os locais, ou os solares situados en prazas, rúas ou vías públicas onde se presta o servizo a que se refire o artigo anterior, ben sexa a título de propietario ou de usufrutuario, de arrendatario, mesmo, a precario.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas, locais ou solares, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos usuarios que se benefician do servizo, tal e como dispón o artigo 23.2 do TRLRHL.

3. Son suxeitos pasivos contribuíntes da taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan os titulares de actividades que xeren residuos comerciais

4. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario dos locais onde se sitúa a actividade xeradora dos residuos, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios, que son os beneficiarios do servizo, tal e como dispón o artigo 23.2 do TRLRHL.

Artigo 5.- Responsables e sucesores.

1. Son responsables tributarios as persoas físicas e xurídicas determinadas como tales na Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral.

2. A derivación de responsabilidade requirirá que, previa audiencia do interesado, dítese acto administrativo, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

3. As obrigacións tributarias pendentes esixiranse aos sucesores das persoas físicas, xurídicas e entidades sen personalidade, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral.

Artigo 6.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, que se esixirá por unidade de inmovible, en función da súa natureza e destino de acordo con as seguintes tarifas:

A. Recollida e transporte de residuos

CONCEPTO	EUROS
1.-Vivendas	48,47
2.-Establecementos de electrodomésticos	90,00
3.-Perfumerías	64,63
4.-Pastelerías	56,57
5.-Estacións de servizos	200,00
6.-Talleres, industrias cárnicas e lácteas	80,79
7.-Supermercados	242,37
8.-Bares e cafeterías	96,95
9.-Bancos	180,00
10.-Oficinas	56,57
11.-Comercios	80,79
12.-Pequenos comercios	56,57
13.1-Hostais e Hoteis con restaurante e restaurantes	242,37
13.2.- Hostais e Hoteis sen restaurante	227,48
14.-Disco-Pub	150,00
15.-Industrias de conservas vexetais	350,00

16.-Perruquerías	56,57
17.-Floristerías	80,79
19.-Centro Penitenciario	40.157,17
19.-Tarifas para non residentes que usen os servizos do Punto Limpo:	
Mobles sin verniz/peza	1,50
Electrodomésticos e equipos informáticos en xeral/peza	1,50
Envases baleiros contaminados	10,00
Plásticos de silos	10,00
Voluminosos (sofas,etc..)/ peza	1,50
Colchóns/peza	22,00
20.-Recollida “porta a porta”	5,00
21.-Retirada de flores nos cemiterios parroquiais	5,00

B. Tratamento e eliminación de residuos

CONCEPTO	EUROS
1.-Vivendas	55,00
2.-Establecementos de electrodomésticos	102,13
3.-Perfumerías	73,34
4.-Pastelerías	64,20
5.-Estacións de servizos	226,96
6.-Talleres, industrias cárnicas e lácteas	91,68
7.-Supermercados	275,04
8.-Bares e cafeterías	110,02
9.-Bancos	204,26
10.-Oficinas	64,20
11.-Comercios	91,68
12.-Pequenos comercios	64,20
13.1 -Hostais e Hoteis con restaurante e restaurantes	275,04
13.2.- Hostais e Hoteis sen restaurante	258,14
14.-Disco-Pub	170,22
15.-Industrias de conservas vexetais	397,18
16.-Perruquerías	64,20
17.-Floristerías	91,68
18.-Centro Penitenciario	45.570,36
19.-Tarifas para non residentes que usen os servizos do Punto Limpo:	0,00
Mobles sin verniz/peza	1,70

Electrodomésticos e equipos informáticos en xeral/peza	1,70
Envases baleiros contaminados	11,35
Plásticos de silos	11,35
Voluminosos (sofas,etc..)/ peza	1,70
Colchóns/peza	24,97
20.-Recollida “porta a porta”	5,00
21.-Retirada de flores nos cemiterios parroquiais	5,00

Enténdese por local comercial o que se destina ao desenvolvemento de actividades comerciais ou de prestación de servizos.

Cando diferentes propiedades rexistrais e/ou catastrais se unan fisicamente para destinalas a un único local comercial ou destino, tributarán como un só local comercial.

Cando unha soa propiedade rexistral e/ou catastral estea dividida fisicamente en varias unidades, tributarase independentemente por cada local comercial diferenciado.

Artigo 7.- Pagamento e período impositivo

1. A taxa devíndase e nace a obrigaón de contribuír desde o momento en que se inicie a realización do servizo, e entenderase iniciado, dada a súa natureza de recepción obrigatoria, cando o servizo municipal de xestión de residuos domésticos nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas utilizadas polos contribuíntes ou os locais/solares suxeitos á taxa aquí regulada estea establecido e en funcionamento.

2. Unha vez establecido e en funcionamento devandito servizo, as cotas devíndase o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na recepción do servizo; neste caso o período impositivo axustarase a esta circunstancia.

A recollida domiciliaria de lixo é un servizo de recepción obrigatoria, posto que se articula en función da salubridade dos veciños en xeral, o que implica que ditos servizos han de ser soportados necesariamente polo suxeito pasivo (o particular), con independencia da súa vontade ao respecto. O Concello debe ter fehacientemente acreditado que unha vivenda atopase en condicións de inhabitabilidade como acreditar tecnicamente o estado de ruína da vivenda, e se esixa dos interesados a documentación de dita inhabitabilidade para proceder a dar de baixa os recibos.

Artigo 8.- Réxime de declaración e ingreso.

1. Levarase a cabo a aprobación dun padrón, cuxo prazo de exposición pública será de 20 días naturais, contados a partir de 10 días antes do primeiro día de inicio do período de cobranza en voluntaria de cada parte da cota.

Contra a exposición pública do padrón e das liquidacións incluídas neste poderase interpoñer recurso de reposición ante o órgano que as aprobara, previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns.

2. Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos que figuran na matrícula, efectuaranse as modificacións correspondentes, que terán efecto a partir do período de cobranza seguinte ao da data en que se produciu a variación.

3. A esixibilidade das cotas producirase anualmente, no período que aprobe e anuncie o Concello, o cal non será inferior a dous meses.

Artigo 9.- Bonificacións

– Bonificación do 50 % por risco de exclusión social; esta bonificación terá carácter rogado e debera ser aprobado polo Pleno do Concello.

O interesado deberá presentar a seguinte documentación:

- Orixinal e copia do DNI ou NIE,
- Libro de familia,
- Certificado tributario,
- Certificado de empadramento,
- A tarxeta de demanda de emprego,
- Calquera outro documento que o traballador/a social considere necesario.

Entre os requisitos para solicitar a bonificación reunir as capacidades legais, presentar problemas para atopar un emprego e posuír e xustificar algúns dos criterios de exclusión social.

O traballador/a social municipal encargárase de analizar a situación familiar, social e económica do solicitante realizando un informe acreditativo da mesma (informe de vulnerabilidade).

– Bonificación do 30% da cota por participación na separación da fracción orgánica mediante a utilización do contedor marrón.

Por acordo do Pleno do Concello se determinarán os requisitos e condicións para acreditar o motivo desta bonificación..

Artigo 10.- Infraccións e sancións.

Polo que respecta ás infraccións e sancións tributarias que, en relación coas taxas reguladas nesta Ordenanza, resulten procedentes, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral.

Artigo 11.- Xestión por delegación.

1. Se a xestión e/o a recadación das taxas reguladas nesta Ordenanza foron delegadas total ou parcialmente na Deputación de Lugo, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables ás actuacións que debe facer a Administración delegada.

2. O Organismo de Xestión Tributaria establecerá os circuítos administrativos máis adecuados para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.

3. Todas as actuacións de xestión e/o recadación que leve a cabo o Organismo de Xestión Tributaria axustaranse ao previsto na normativa vixente e a súa Ordenanza Xeral de xestión, inspección e recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, cuxa titularidade corresponde aos municipios da provincia de Lugo que delegaron as súas facultades na Deputación.

Disposición Adicional. - Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e demais normas de desenvolvemento, e aqueles en que se fagan remisións a preceptos da mesma, entenderase que son automaticamente modificados e/o substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que levan causa.

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada en 30 de xaneiro do 2025 e que quedou de feito aprobada en data 24 de abril do 2025, entrará en vigor ao día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial de e rexerá ata a súa modificación ou derogación expresa.

Monterroso, 2 de maio de 2025.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1195

PALAS DE REI

Anuncio

Expediente 311/2025. Información pública

Resolución: aprobación provisional de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida do lixo e RSU.

Órgano e data: Concello pleno, o 20/03/2025.

Obxecto: información pública para consulta e presentación de reclamacións oportunas.

Prazo: 30 días, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP Lugo.

Efectos: transcorrido o prazo sen que se presenten reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Regulación legal: artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Palas de Rei, 30 de abril de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1167

Anuncio

Expediente 312/2025. Información pública

Resolución: aprobación provisional de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por taxa polo servizo de abastecemento de auga.

Órgano e data: Concello pleno, o 20/03/2025.

Obxecto: información pública para consulta e presentación de reclamacións oportunas.

Prazo: 30 días, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP Lugo.

Efectos: transcorrido o prazo sen que se presenten reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Regulación legal: artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Palas de Rei, 30 de abril de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1168

Anuncio

Expediente 313/2025. Información pública

Resolución: aprobación provisional de modificación da ordenanza fiscal reguladora do servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais.

Órgano e data: Concello pleno, o 20/03/2025.

Obxecto: información pública para consulta e presentación de reclamacións oportunas.

Prazo: 30 días, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP Lugo.

Efectos: transcorrido o prazo sen que se presenten reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Regulación legal: artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Palas de Rei, 30 de abril de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1169

QUIROGA*Anuncio*

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA POR NOMEAMENTO DE UN POSTO DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES E EMERXENCIAS COMO FUNCIONARIO/AS INTERINOS/A POR PROGRAMA NO CONCELLO DE QUIROGA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO INCLUIDO NO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

EPTE Nº: 17/2025

ASUNTO: Bases que rexerán a convocatoria de selección e posterior nomeamento de:

UN PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES E EMERXENCIAS COMO FUNCIONARIO INTERINO/A POR PROGRAMA DENOMINADO: "Programa de Reforzo de Servizos Públicos e Resposta a Emerxencias no Concello de Quiroga"

CLAUSULAS:

1º.- OBXECTO, CARACTERÍSTICAS E FUNCIÓNS.

O obxecto das presentes bases é a selección, por sistema de acceso libre, dun/ha Peón de servizos múltiples e emerxencias como FUNCIONARIO INTERINO/A POR PROGRAMA.

A convocatoria realízase ao abeiro do programa de Reforzo do emprego incluído no Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 da Excma. Deputación Provincial de Lugo, vista a necesidade deste concello

de contratar persoal en servizos esenciais que se declaran prioritarios, atopándonos nunha situación de urxencia para facer fronte ás necesidades destes servizos municipais.

A modalidade de contratación terá as características seguintes:

Características da praza de peón de servizos múltiples e emerxencias:

Denominación: Peón de Servizos múltiples e emerxencias

Grupo: Agrupación profesional E

Número de prazas: 1

Xornada: completa a razón de 37,5 horas semanais. A distribución horaria será segundo as necesidades do servizo.

Duración: o nomeamento será por 11 meses prorrogable ata o tempo máximo que permita a lei vixente.

O financiamento destes nomeamentos nunha duración máxima de doce meses será ao abeiro do programa de reforzo do emprego incluído no Plan Deputación provincial de Cooperación cos Concellos 2025 da Excm. Deputación Provincial

Segunda.- REQUISITOS DO/AS ASPIRANTES

Segundo o artigo 56 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e o artigo 50 da lei 2/2015. De 29 de abril, do empregado público de Galica, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

a) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

b) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. No caso do persoal laboral, non haber sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA.

c) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

d) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non incorrer en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

f) Estar inscrito como demandante de emprego ou mellora de emprego .

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes coma no da formalización do contrato.

Estes requisitos son imprescindibles para acceder ao proceso de selección, e non puntúan na fase de concurso.

Terceira.-RETRIBUCIÓN.

Serán as correspondentes ao grupo E, CD nivel 14 e complemento específico 302 €.

Cuarta.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E SISTEMA SELECTIVO.

4.1 Presentación de solicitudes

O sistema selectivo elixido é o de oposición.

Queda xustificado o sistema selectivo pola transcendencia das labores e funcións de auxilio administrativo na organización, competencias e responsabilidades municipais, o que precisa un perfil de aspirante de idoneidade e capacidade, polo que se realiza unha fase de oposición cun exercicio de carácter teórico tipo test vencellado igualmente á devandita praza e posto.

As persoas que requiran tomar parte nas probas de acceso deberán dirixir ao **alcalde de QUIROGA** unha solicitude no Rexistro Xeral do Concello, por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de presentar a solicitude nun Rexistro distinto ao do Concello ou en Oficina de Correos deberá comunicalo ao correo electrónico gloria.gonzález.quiroga@eidolocal.es

A non comunicación no tempo e na forma establecidos suporá a exclusión da persoa aspirante.

Coa solicitude acompañarase a seguinte documentación:

1.- Copia do documento nacional de identidade, en vigor, respecto dos aspirantes que posúan a nacionalidade española, do documento de identidade do país de orixe ou pasaporte para os aspirantes nacionais dos países membros da Unión Europea e do pasaporte e o certificado ou tarxeta de residencia.

2.- Copia do certificado de coñecemento de lingua galega Celga C2 (ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega). As persoas aspirantes que non presenten esta acreditación deberán realizar a proba de lingua galega prevista na fase de oposición.

3.- Copia do xustificante de estar inscrito cono demandante ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

Un anuncio da convocatoria publicarase no **Boletín Oficial da provincia de Lugo**.

As restantes publicacións faranse no taboleiro de anuncios (sede electrónica e casa consistorial) aos efectos do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

O prazo de presentación de solicitudes será de 7 días naturais, que comezarán a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

A participación no proceso selectivo do aspirante implica que acepta integramente as presentes bases polas que se rexe a convocatoria

4.2 Sistema de selección.

O proceso de selección será a través de oposición, de conformidade co art. 56.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e constará dunha fase de oposición.

FASE DE OPOSICIÓN: (máximo 10 puntos)

1. Proba de coñecementos e aptitudes, que terá carácter eliminatorio.

Esta proba consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 20 preguntas con catro respostas posibles alternativas cada unha, das que soamente unha é correcta. Cada resposta correcta será puntuada con 0,50 puntos. As respostas incorrectas descontan 0,05 puntos. Para superar esta proba, de carácter obrigatorio e eliminatorio, será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos. A puntuación máxima será de 10 puntos. O contido da proba estará relacionado cos temas que recolle o Anexo a estas bases.

A data de realización da proba escrita será publicada na lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos .

O tempo máximo será de 40 minutos.

2. Proba de galego:

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acreditasen documentalmente xunto coa solicitude estar en posesión do certificado de coñecemento de lingua galega (CELGA 2, ou a súa validación correspondente).

As persoas aspirantes que non acreditasen coa documentación presentada o certificado de coñecemento de galego requirido para cada posto, segundo o exposto na base cuarta, deberán realizar unha proba de galego (oral e/ou escrita), cuxo nivel se corresponderá co esixido para o posto correspondente.

Para superar este exercicio será necesario acadar o resultado de apto/a.

Na aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos indicárase os candidatos que terán que realizar esta proba de galego e anunciarase a data do seu exercicio, podendo ter lugar en unidade de acto coa proba de coñecementos establecido na base 4ª apartado 4.2A

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, aprobarase a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se exporá no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal, con indicación, se é o caso, do prazo de emenda de 2 días hábiles, con apercibimento de que, se non se presentase emenda, se arquivará sen máis trámite cos efectos do artigo 21 da Lei 39/2015.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas e a data do exame, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web municipal.

Quinta.- TRIBUNAL.

Segundo o artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RD Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes.

O órgano de selección será designado polo órgano municipal competente e estará constituída por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais.

A composición aprobarase por decreto da Alcaldía.

Todos os membros do tribunal deberán ser funcionarios de carreira que posúan unha titulación igual ou superior á requirida na praza/posto de traballo obxecto da convocatoria.

Para a válida constitución do tribunal, aos efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza da metade, polo menos, dos seus membros titulares, e obrigatoriamente do/a presidente/a e do/a secretario/a.

As decisións adoptaranse pola maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade que os convocou, e as persoas aspirantes poderán recusalos cando coincidan as circunstancias prevista no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano de selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

Sexta.- RELACIÓN DE APROBADOS.

O tribunal reunirse para valorar a documentación presentada polos aspirantes atendendo aos criterios de preferencia indicados anteriormente, e publicará a relación definitiva de aspirantes en orde de maior a menor puntuación, obtidas pola suma da puntuación da proba de oposición e da valoración dos méritos.

A persoa que consiga maior puntuación será proposta ao presidente da corporación para que faga o nomeamento como funcionario interino.

Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada.

O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas.

Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Elaborarase unha lista de suplentes con todas as persoas aspirantes que superen as dúas partes do exercicio obrigatorio, por orde decrecente de puntuación, de xeito que esta sirva para aqueles supostos en que sexa preciso realizar unha nova contratación, no caso de que algún dos aspirantes inicialmente propostos para a súa contratación renunciase a ela ou non acreditase estar en posesión dos requisitos esixidos.

As chamadas aos compoñentes da listaxe realizaranse telefonicamente, con un máximo de tres chamadas en dous días hábiles. O funcionario que realice ditas chamadas deixará unha dilixencia no expediente .

A non incorporación por calquera motivo ao posto de traballo, salvo nos supostos de baixas médicas contrastadas, suporán a exclusión automática da listaxe, pasando a chamar ao seguinte da listaxe.

No suposto de incorporación a bolsa e cese por incorporación do titular, a persoa cesada volverá ao posto que lle corresponde na listaxe.

A persoa que está de baixa por motivos médicos conservará o seu posto no momento de recibir a alta médica.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo ou incompleto o número de postos para cubrir, o alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces for necesario.

Sétima.- NOMEAMENTO.

Á vista da proposta do tribunal de selección, a Alcaldía ditará unha resolución do procedemento selectivo de nomeamento ao candidato/a que conste en primeiro lugar ao obxecto de proceder á toma de posesión e á alta na Seguridade Social.

A persoa seleccionada deberán achegar, no prazo que se indicará no acordo de resolución, a documentación requirida (copia do DNI, copia da Tarxeta da Afiliación á Seguridade Social, certificado do número de conta, declaración xurada sobre o cumprimento dos requisitos para ser contratado).

No caso de renuncia ou ben si no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, a persoa aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobase que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá nomear á persoa aspirante seguinte na lista, que obtivera a mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

A persoa seleccionada será contratada e comezará a prestar servizos na data que lle indique a Alcaldía.

Oitava.- PROTECCIÓN DE DATOS.

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello de QUIROGA, con sede no Edificio Administrativo Rúa Real, nº52, onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Novena.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao tribunal cualificador e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Décima.- INCIDENCIAS E RECURSOS.

As aclaracións e revisións das cualificacións outorgadas polo tribunal solicitaranse por escrito no Rexistro Xeral do Concello.

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social. Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes.

Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do Concello (de ser o caso).

Quiroga, 2 de maio de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luis Rivera Castro.

ANEXO I: TEMARIO**POSTO DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES E EMERXENCIAS****Bloque 1: Coñecementos Xerais****1. A Administración Local:**

- 1.1. Estrutura e competencias dos Concellos.
- 1.2. Dereitos e deberes do persoal ao servizo das entidades locais.

2. Normativa de Prevención de Riscos Laborais:

- 2.1. Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
- 2.2. Obrigas do traballador na prevención de riscos.

3. Igualdade e non discriminación:

- 3.1. Principios básicos de igualdade de xénero.
- 3.2. Normativa sobre igualdade no ámbito laboral.

4. Atención á cidadanía:

- 4.1. Técnicas de atención ao público.
- 4.2. Dereitos da cidadanía ante a administración pública.

Bloque 2: Coñecementos Específicos**1. Tarefas de Servizos Múltiples:**

- 1.1. Limpeza viaria, mantemento de espazos públicos e edificios municipais
- 1.2. Pequenas reparacións en infraestruturas e mobiliario urbano.

- 1.3. Uso e mantemento de ferramentas manuais e eléctricas.
- 2. Actuacións en Emerxencias:
 - 2.1. Protocolos básicos de actuación en emerxencias (incendios, inundacións, etc.).
 - 2.2. Primeiros auxilios e técnicas de reanimación cardiopulmonar (RCP)
 - 2.3. Manipulación de equipos de emerxencias e uso de extintores.
- 3. Xestión de Residuos:
 - 3.1. Separación, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos.
 - 3.2. Normativa de xestión ambiental aplicable.
- 4. Condución e Maquinaria:
 - 4.1. Manejo de maquinaria básica para obras e servizos (corta-césped, desbrozadoras, etc.).
 - 4.2. Normas básicas de condución e mantemento de vehículos municipais.

Bloque 3: Habilidades Prácticas

- 1. Tarefas de Mantemento e Reparación:
 - 1.1. Realización de pequenas reparacións en edificios e mobiliario.
 - 1.2. Montaxe de estruturas básicas para eventos municipais.
- 2. Actuacións en Situacións de Emerxencia:
 - 2.1. Execución de manobras de primeiros auxilios.
 - 2.2. Actuación en simulacros de emerxencias.
- 3. Uso de Ferramentas e Maquinaria:
 - 3.1. Manexo seguro de ferramentas manuais e eléctricas.
 - 3.2. Operación de equipos específicos segundo o posto.

R. 1196

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 17/2025, TRANSFERENCIA DE GASTOS ENTRE DISTINTAS AREAS

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 29/04//2025 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 17/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA de crédito por importe de **11.900,00 €**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 2 de maio de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1197

*Anuncio***Modificación orzamentaria 18/2025, TRANSFERENCIA DE GASTOS ENTRE DISTINTAS AREAS**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 29/04//2025 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 18/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA de crédito por importe de **13.921,05 €**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerárase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 2 de maio de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1198

SAMOS*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 30.04.2025, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **ABRIL/2025**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 30 de abril de 2025.- A ALCALDESA PRESIDENTA, D.ª María Jesús López López.

R. 1199

TABOADA*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL**

O Pleno do Concello de Taboada, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de abril de 2025 acordou a aprobación inicial da **Ordenanza do servizo de préstamo de axudas técnicas de apoio á mobilidade do concello de Taboada (expte. G 201/2025)**, e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día

seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que poida ser examinado e sexan presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerárase aprobado definitivamente o Acordo.

Taboada, 2 de maio de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1200

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – RIBADEO

Anuncio

BASES SUBVENCIONES ARI RINLO RIBADEO

BDNS (Identif.):830001

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/830001>)

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 29/04/2025, as bases reguladoras da convocatoria polo sistema de concorrencia competitiva de subvencións para rehabilitación de actuacións incluídas no programa de axuda ás actuacións a nivel de barrio do plan de recuperación, transformación e resiliencia nos entornos residencias de rehabilitación programa (ERRP) do Casco Histórico da Vila de Ribadeo e do Núcleo de Rinlo faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, co seguinte tenor:

FINALIDADE E OBXECTO.

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro dos ámbito definidos do ERRP do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do ERRP do Núcleo de Rinlo, dentro do programa de axudas a nivel de barrio previsto no RD 853/2021 do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, Resolución do 8 de xullo de 2022 polo que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A convocatoria realízase polo disposto no acordo nº 20 da Comisión Bilateral celebrada o 11 de maio de 2023, relativo aos ERRPs do Casco Histórico de Vila de Ribadeo e do ERRP do Núcleo de Rinlo.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, segundo os criterios de selección dispostos no artigo 20 da convocatoria.

ÁMBITO.

RIBADEO: As vivendas e edificios de vivendas deben estar incluídos no ERRP Casco Histórico de Ribadeo definido no Acordo da Comisión Bilateral nº 20 celebrada o 11 de maio de 2023.

RINLO: As vivendas e edificios de vivendas deben estar incluídos do ERRP do Núcleo de Rinlo definido no Acordo da Comisión Bilateral nº 20 celebrada o 11 de maio de 2023.

BENEFICIARIOS. DESTINATARIOS ÚLTIMOS.

Ao amparo do artigo 13 do RD 853/2021, do 5 de outubro e do artigo 21 da resolución do 8 de xullo de 2022, poderán ser persoas beneficiarias e destinatarias últimas das axudas:

As que asuman a responsabilidade de execución integral da área delimitada pola actuación. Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumido por cada un.

As persoas destinatarias últimas das axudas ou, de ser o caso, o axente ou xestor de rehabilitación que actúe por conta deles, destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, debe repercutirse nas persoas propietarias das vivendas e, se é o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo

10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás a da letra e) dos citados artigos, ben que non poderá procederse ao pagamento da axuda en tanto non se acredite estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

1. Para ser beneficiarios/as da subvención, o inmovible para o cal se solicita axuda estará dentro dalgún dos ámbitos ERRPs declarados no Concello de Ribadeo definidos celebrada no Acordo nº 20 da comisión Bilateral celebrada o 11 de maio de 2023.

2. De conformidade co artigo 14 do Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, son subvencionables as actuacións:

Mellora ou rehabilitación de edificios de uso predominante residencial para vivenda cos límites de investimento máximo subvencionable establecidos no artigo 15 deste Real Decreto, sempre que tras a execución da obra se obteña unha redución de, polo menos, o 30% do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética (xustificada en base á comparativa entre os datos do CEE inicial e os do CEE final) e ademais, conseguirse unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio, segundo corresponda, establecido en Ribadeo nun 35%, por acharse situado o Municipio na Zona climática D1.

Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.

Igualmente, unha vez acadados os obxectivos enerxéticos, serán subvencionables outras obras de accesibilidade.

PROCEDIMENTO E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado ANEXO I, no rexistro do Concello de Ribadeo, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de tres meses a partir do día seguinte á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se o permite a existencia de remanentes de crédito e de actuacións subvencionables, poderase acordar a apertura de novos prazos de presentación posteriores ata esgotar os ditos remanentes.

PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS. INICIO. EXECUCIÓN. XUSTIFICACIÓN.

INICIO DAS OBRAS: Poderanse acoller ás axudas as actuacións que contén con licenza de obra concedida antes da entrada en vigor destas bases, non tendo as actuacións iniciadas con anterioridade á resolución da solicitude de subvención, e que cumpran os requisitos esixidos nestas bases.

EXECUCIÓN DE OBRAS E A SÚA XUSTIFICACIÓN: Rematadas as obras, o prazo para comunicar oficialmente ao Concello o remate das mesmas, e xunto con esta comunicación presentar a documentación para a súa xustificación (artigo 22 das bases reguladoras), remata o 30 de abril de 2026, dando tempo suficiente para que a Oficina de Rehabilitación realice as comprobacións correspondentes.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A que figura no artigos 15 e 16 das bases aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web www.ribadeo.gal e nas oficinas municipais.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web www.ribadeo.gal/sede electrónica/taboleiro de anuncios.

Ribadeo, 2 de maio de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1201